

O cuñado e o resto da casta

Á oitava cicloxénese explosiva en catro días don Domingo resucitou. Foi cando o Atlántico decidiu poñer Galicia a tremar de verdade, para estar á altura das informacións do tempo dos xornais, empeñados en chamar «cicloxéneses explosivas» os temporais de toda a vida. Nesa cuarta xornada de alerta supervermella reforzada, na muralla de Lugo apareceron varias fervezas e o Miño tragou de vez o restaurante da beira e mais o balneario. Os construtores choraban pensando no que encherían os seus petos se a Administración tivese cartos para volvelos tirar na reconstrución das moreas de paseos marítimos desaparecidos durante os trebóns. Era unha oportunidade estragada para volver aos tempos do «Pepe Cuiña, paviméntame», que cantaba Pinto de Herbón. Os lóstregos caían como mísiles. Un foi dar ao camposanto de Boisaca, apuntando moi ben na tumba de don Domingo. Seica foi pola maldición do político galego perpetuo, ese que se aparafusa á cadeira de por vida. Coma Franco, que na década de 1940 lle dixo a un emisario de don Juan de Borbón aquilo de «de aquí ao cemiterio». Ou coma Pablo Iglesias Posse, a quen chamaban no PSOE o avó cando xa non saía da casa e a executiva socialista algunha vez ía reunirse ao seu piso.

O alporizado océano non tiña Franco ao seu alcance, pois o Val dos Caídos está moi dentro da meseta e o cadaleito do militar de Ferrol atópase ben blindado. Así que desbotou a idea de resucitar o noxento ditador, o político galego que estivo máis anos nun posto de máxima responsabilidade. Unha segunda opción era a de Fraga, de quen é o récord de máis anos subido a un coche oficial en diferentes destinos. Mais o de Vilalba levaba moi pouco tempo no camposanto e non era cousa de ilo molestar. Así foi escollido para a resurrección o doutor don Domingo García Sabell, por ser o que estivera nun cargo executivo de primeira liña ata a idade máis elevada. Saíu aos 86 anos da Delegación do Goberno en Galicia, onde foi o xefe durante tres lustros, coa UCD e mais co PSOE.

Os fortes ventos sacaron de Boisaca don Domingo, fundador da editorial Galaxia e senador por designación real en 1977. Atravesando Salgueiriños, sobrevoando o complexo administrativo de San Caetano e pasando por

Basquiños, San Pedro e Belvís, os refachos semellaban levar don Domingo cara ao seu chalé da Rosaleda. Mais un pouco antes de chegar alí, penetrando os grosos muros do antigo cuartel do Hórreo, foi dar a un dos corredores do Parlamento de Galicia. A aparición espertou de vez un bedel de cellas moi poboadas que durmía sobre a súa mesa, logo dun copioso cocido acompañado con varias botellas de mención, pois xa que chegara a fin do mundo, había que despedilo ben. O funcionario ficou tan estarecido ao acordar que pensou que estivera bebendo tamén mentres durmía. Só cun ollo medio aberto, foi intentando atender as moi educadas e concretas demandas do resucitado, quen precisaba dispor de inmediato dun «who is who» da Galicia de 2014. Sen reporse do susto, o conserxe non lembraba nada nos primeiros intentos. Remexía nos moitos papeis das súas gabetas para intentar poder contarlle algo ao lázaro que tiña en fronte. No Parlamento non había ninguén. Santiago todo estaba baleiro. A xente refuxiárase en sitios altos. A luz cortárase ao segundo día da tempestade. Galicia intentaba sobrevivir sen Internet. Despois dun bo anaco, por fin o bedel puido darlle algún dato a don Domingo, que coas súas preguntas conseguía provocar luminarias de breve lucidez nos miolos do seu interlocutor, aínda que ao pouco se lle volvía pechar o único ollo que tiña medio aberto.

Bedel: No PP seica hai un Fraga de portavoz.

Don Domingo: Manolo vive aínda?

B: Non, morreu en 2012. Trátase do sobriño, Pedro Puy Fraga. Atopei tamén algo dun Rueda de Pontevedra, na vicepresidencia da Xunta.

D.D: O senador José Antonio Rueda? Non é que o coñeza moito, mais si sei quen é.

B: Engánase, don Domingo, debe ser un fillo, pois naceu en 1968. Alfonso, chámase. De presidenta do Parlamento está Pilar Rojo e na Xunta goberna Núñez Feijóo, aos que vostede non debe coñecer. Aquí hai unha foto dun xornal de ambos os dous nunha procesión en Pontevedra por se lle quere botar unha ollada.

D.D: Vexo que no pé se fala dun Mon. Terá algo que ver con Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, o ministro de Obras Públicas de Franco, o do plan de accesos a Galicia?

B: Se cadra si é un parente de don Gonzalo, coido eu. Ummmm. Un momento que creo que... É o eurodeputado Paco Millán Mon, que tamén é cuñado de Mariano Rajoy, que agora é presidente do Goberno. Mire, aquí ten unhas notas miñas sobre a composición das mesas do Parlamento das dúas últimas lexislaturas. A ver se atopa algo máis que sexa do seu interese, mentres eu trato de organizar estes papeis. Sorte que eu gardo cousas, pois os meus compañeiros máis novos xa o miran todo nas tabletas esas.

D.D: Moitas grazas. Mariano, o fillo do xuíz Rajoy, preside o Goberno? Que o demo me leve outra vez! En fin. E este Jacinto do PSOE de Lugo que figura aquí como vicepresidente segundo do Parlamento? Ten algo que ver co histórico Jacinto Calvo, o da pastelería? E que pasou con Baltar? Pois segundo vexo nestes papeliños volveu á Deputación. Veu para Santiago como Victorino Núñez e logo marchou outra vez para Ourense? Non entendo moi ben.

B: As cousas cambiáronlle moito, don Domingo, desde que vostede deixou a Delegación. O do PSOE é un sobriño dese Jacinto Calvo do que fala, Ricardo Jacinto Varela, que lle fixo unha fundación ao seu tío que agora investiga unha xuíza de Lugo desas que andan remexendo en todo. Onde imos parar! E o Baltar que deixou a vicepresidencia do Parlamento era o fillo, que foi suceder na Deputación o seu pai, que agora tamén está imputado.

D.D: Agradézolle o que por fin me vai contando. Imos ver os grupos parlamentarios, aínda que coa súa letra me vai ser imposible ler máis sen que vostede estea un pouco máis espelido. Debería darse unha ducha. Vexo aquí que hai algo que se chama Alternativa de Esquerda de non sei que. Ten algo que ver con Esquerda Unida? E ese Díaz que está de vice-voceiro, debe ser Suso Díaz, o de Astano, o secretario xeral de Comisións Obreiras de Galicia que tiña un xemelgo nacionalista, non é?

B: Non, don Domingo. A de Esquerda Unida é unha muller. Agora hai moitas en política. Ata tivemos non hai moito un matrimonio de deputados, os

socialistas José Manuel Lage Tuñas e Dolores Rodríguez Amoroso. Penso que esta Díaz é... Ai, si, é a filla de Suso, Yolanda.

D.D: A Alternativa esa é unha coalición como a de 1993? Está Camilo Nogueira pola parte nacionalista?

B: Di vostede ben. É unha coalición, mais ao Camilo perdinlle a pista despois de que fose eurodeputado do BNG. O seu xenro é agora o líder do BNG. Chámase Xavier Vence, o home de Alba Nogueira, a filla do Camilo.

D.D: Alégrome ben de que o Bloque non teña aquel líder de infausta lembranza. Entón, quen encabeza a alternativa esa de esquerdas?

B: Beiras!

D.D: Beiras! Ten que ser un dos meus netos, logo. Que ben que non anden a tolear no BNG! É Daniel, o arquitecto? Ou é Ricardo, o maior, o biólogo?

B: Non, don Domingo, non é un neto seu. O voceiro de Alternativa Galega de Esquerda é o seu ex-xenro, Xosé Manuel Beiras Torrado. O de sempre, don Domingo. (O bedel decatouse de que estaba de novo só mentres o resucitado xa ía en Boisaca de volta sen querer saber máis nada).

Este exercicio de realismo máxico é unha adaptación dun chiste que circulou por Internet nos tempos dos gobernos de José María Aznar sobre unha resurrección de Franco na que comprobaba o elevado número de fillos dos seus ministros que había nos altos postos da Administración española de entón. Baixo esa lóxica, o resucitado Caudillo esperaba atopar un neto de Fraga de presidente da Xunta da súa Galicia natal, mais o que ocupaba o posto era o mesmo ex-ministro de Información e Turismo de Franco, en carne e óso. A versión galega que achego aquí está feita cun carácter moito máis transversal porque en Galicia a presenza das sagas, aínda que teña máis incidencia no PP, dáse no arco político todo. O conto vén moi ben para amosar algúns trazos fundamentais que ten en Galicia esa «casta política» cuxa condena foi o mantra de Podemos na campaña electoral e, sobre todo, despois dela, cando

os medios de comunicación lle comezaron a facer moitísimo máis caso.

Das definicións que ofrece o dicionario da Academia Galega, a que máis se achega ao sentido que lle dá Pablo Iglesias Turrión á casta política é a cuarta: «Grupo de persoas que teñen a relixión, a profesión etcétera, como característica común. A casta dos militares. A casta sacerdotal». Mais en Galicia a casta tamén ten moito da primeira das acepcións: «Conxunto de individuos da mesma familia caracterizado pola presenza de trazos comúns que se transmiten de pais a fillos. Ben se coñece que es da casta dos Ruzos. Sinónimos: estirpe, liñaxe, raza». Na política galega pódese transmitir calquera cargo como se fose un trazo da familia, sobre todo se é unha alcaldía e a presidencia da Deputación de Ourense. Non é que sexa unha práctica exclusiva de Galicia, pois existe en moitos outros lugares e latitudes. En Estados Unidos están os Kennedy e en Arxentina, os Kirchner. E en Cuba, a Fidel Castro substituíuno o seu irmán Raúl.

Nese último exemplo hai sangue galego polo medio. É que no noso caso este tipo de prácticas dinásticas acadan un grao moi elevado, coa agravante de que se combinan, cando non confunden, con esa querenza do político galego por resistir o maior tempo posible nun cargo. Por exemplo, o compostelán Eugenio Montero Ríos foi a cabeza dun gran clan político de fillos e xenros, entre os que estaba García Prieto, marqués de Alhucemas, que chegou a presidente do Consello de Ministros, coma o seu sogro. O propio Montero Ríos facía a brincadeira de dicir: «El Senado soy yo». Como membro vitalicio desa Cámara durante cinco lustros foi o seu presidente en sete lexislaturas.

O leitmotiv de numerosos políticos galegos é ese de que «de aquí non me bota nin a Garda Civil», ou dito como Franco, de aquí ao cemiterio. E se me teño que ir, se podo, vou deixar alguén da casa. A combinación desas dúas tendencias vese moi ben na historia que se conta en Ordes sobre a campaña electoral de 1979 do vello alcalde Antonio Concheiro. Xa ocupara ese cargo entre 1931 e 1936, como monárquico na II República. Logo volvería ao posto no franquismo, en 1968, e seguiría ata as primeiras eleccións locais despois da ditadura, as de 1979, ás que se presentou por UCD. Cando ía polas casas pedindo o voto, contan que unha señora lle dixo algo así como «pero vostede,

don Antonio, á súa idade!». El retrucou que non lle quedaba outra, porque na casa non había quen lle quixese coller a alcaldía.

Como ocorre en xeral coa mensaxe de Podemos, na crítica da casta hai unha parte importante de esaxeración e un certo aire do clásico xogo de quítate ti, que me poño eu. Mais é unha denuncia que conecta moito co desacougo cidadán, porque nela hai moito de verdade. Chega con mirar os candidatos do PP galego ao Parlamento europeo nas tres últimas convocatorias. En 2004, ademais do nome de Daniel Varela, un xurista de Lugo, aparecían dous apelidos de familias prominentes, que diría Manuel Fraga. Os Mon e os Fraga, precisamente. É que naquel ano foron elixidos eurodeputados Carmen Fraga Estévez, a filla do entón presidente da Xunta, e Paco Millán Mon, cuñado do xa entón presidente do PP en España e parente do ex-ministro de Franco Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, que lideraba a Unión Nacional Española (UNE), o partidiño a través do que Rajoy entrou en Alianza Popular. Nas eleccións de 2009 xa non estaba Daniel Varela e os dous candidatos do PP galego eran só os dous parentes de Rajoy e Fraga, nunha lista moi familiar, que, por certo, obtivo o 50% dos votos válidos en Galicia. Tras moitos anos na comisión de Pesca do Europarlamento, na que gañou sona de traballadora coma o seu pai, Fraga anunciou en 2014 a súa retirada.

Quedaba unha vacante que segundo a lóxica da candidatura de 2009 debería encher Feijóo cun familiar seu. Non hai ningunha constancia de que tal posibilidade se chegase a estudar, mais había unha candidata natural, Eloína Núñez, curmá do presidente da Xunta, que entrou de concelleira do PP de Ourense cando o seu parente accedeu á presidencia do partido en Galicia. Logo da reconquista do Goberno galego polo seu primo, Eloína foi nomeada xerente do hospital da cidade das Burgas, ademais de incorporarse á executiva dos populares galegos. No congreso provincial do PP de Ourense de 2010, o da sucesión de Baltar I por Baltar II, foi rechamante escoitar o seu nome cando se deu lectura á lista dos afíns a Feijóo, os que se rebelaban contra o sistema dinástico ourensán. Non obstante, en 2014 Eloína non foi eurodeputada, nin ninguén falou dela como posible candidata que non fose eu nas miñas crónicas semanais de El Progreso. Feijóo argallou outra solución, deixar só o cuñado de Rajoy na lista, de xeito que el tivese que ver o menos posible coa labazada que

pensaba que ía levar o PP nas europeas, aínda que calculaba que ía ser bastante menor do que foi, con como moito unha baixada de dez puntos porcentuais, e non de quince como ocorreu.

O único candidato galego do PP con posibilidades de ser electo en 2014 era Paco Millán, xa que a seguinte na lista, Carmen Pardo, de Verín, ía de recheo. Na campaña do referendo da chamada Constitución Europea, de 2005, fun ver un mitin de Millán en Melide. O presentador era o líder local, o ex-alcalde e naquel momento senador Miguel Pampín. Deulles aos seus veciños a información que precisaban, pois dixo que ía falar o cuñado de Rajoy, un señor polo tanto moi importante. A transparente sinceridade de Pampín xerou rebumbio nas cadeiras da primeira fila, polo que o seguinte orador, o entón presidente do PP da Coruña e alcalde de Ferrol, Juan Juncal, aproveitou a súa quenda para ler o moi extenso currículo de Paco Millán de principio a fin. Quería dicir que, alén de cuñado de Rajoy, tiña unha moi longa experiencia de diplomático de carreira. De feito, non é que se trate dun inútil ao que lle buscasen un acubillo en Bruxelas, senón dun profesional preparado no seu eido, mais nunca tería ese cargo político de eurodeputado en tres legislaturas de cinco anos sen a cuña do seu parente.

Un irmán de Millán, Alejandro, xa fora subdelegado do Goberno en Pontevedra na xeira de Aznar, con Rajoy de ministro. Como candidato para a campaña galega das europeas, Paco Millán Mon tiña un perfil moi difícil de empeorar. O seu mellor día foi o primeiro sábado de campaña, cando ficou en Madrid porque tiña un compromiso familiar ineludible. As eivas do candidato recoñeceunas de xeito implícito o alcalde de Lalín cando, ao presentalo nun mitin, non atopou mellor cousa que dicir que o feito de que estaba moi ligado coa comarca do Deza por algún pazo que a súa familia tivera por alí... Non falaba galego, vivía entre Madrid e o estranxeiro desde había moito tempo e estaba moi afastado do país, aínda que tivese moitos coñecementos sobre o funcionamento da Unión e das relacións internacionais. Así se viu no debate electoral que a TVG emitiu na segunda canle un venres, competindo co seu programa estrela, Luar, logo dun adiamento causado polo asasinato da presidenta da Deputación de León. Nese debate dos catro candidatos galegos a mellor foi sen dúbida a do BNG, Ana Miranda, a máis activa e a que máis

dominaba os asuntos europeos relacionados con Galicia. Miranda foi entre 1999 e 2004 a xefa de gabinete do entón eurodeputado do BNG Camilo Nogueira, quen formou parte de xeito simbólico da candidatura do Bloque e Bildu de 2014. Nogueira falou no mitin de Santiago, na praza do Toural, no que o portavoz nacional do BNG, Xavier Vence, lanzou un ataque brutal contra Millán Mon polo seu desleixo na relación co país e a súa condición de «señorito de Aravaca». Vence non ten un estilo moi de mitin, aínda que dá unha impresión moitísimo mellor que o seu antecesor no cargo, o inefable Guillermo Vázquez. A daquel acto do Toural foi a única vez que vin meterse tanto co cuñado de Rajoy sen lembrar a súa ligazón familiar co presidente do Goberno. Mais Vence non o podía facer, pois entre as persoas que faloron antes ca el estaba o seu sogro.

Non é que pense que as sagas na política sexan intrinsecamente malas. Hai moitas persoas que descubren a súa vocación en diferentes eidos a través dos exemplos dos seus parentes máis próximos, sexa no xornalismo, na medicina, na hostalaría ou na avogacía. O problema é o exceso e cando se chega a situacións mais propias de réximes feudais que dunha suposta sociedade avanzada do século XXI. O máis requintado exemplo deuse en Ourense, cando tras 22 anos no cargo Baltar I entregou en 2012 a presidencia a Baltar II, como se fose un agasallo de Reis de pai a fillo, anunciado en xaneiro e executado a comezos de febreiro, sen eleccións polo medio, cando nin se cumprira un ano de mandato logo das municipais de maio de 2011. Baltar II ten máis habilidade política que a maioría dos conselleiros da Xunta, mais se hai un cargo que non debería ocupar é o de presidente da Deputación e menos por herdanza directa familiar, tras gañar un congreso do PP no que se compraron os votos dos compromisarios con moreas de enchufes, o que levou a que Baltar I fose condenado por prevaricación. E logo papi presentouse por última vez ás municipais en 2011 para gañar para o seu fillo e fíxoo ás agachadas, sen dicirillo á xente. De feito, Baltar II non formou parte da Deputación ata que, como suplente, entrou a substituír o seu pai. Houbo un caso similar en 2013 no Concello de Cedeira, cando se retirou o popular Leopoldo Rubido, alcalde nomeado no franquismo, aínda que logo perdera en dúas ocasións o bastón de mando para recuperalo máis tarde. Rubido retirouse sen esgotar o seu último mandato e deixou de sucesor o seu irmán Luis. Outro caso de alcaldía que ficou

na familia foi o de Ponte Caldelas, que Perfecto Rodríguez herdou do seu pai en 2003. Logo foi o único alcalde do PP que saíu publicamente a criticar que Fraga se volvea presentar ás eleccións de 2005. Perfecto Rodríguez é un especialista en remudas xeracionais, mais sen saír da casa. O que non puido foi levar adiante a súa idea de poñerlle ao paseo fluvial o nome do seu antecesor, o seu pai, pois o escándalo que se armou fixo que dese marcha atrás. O verdadeiro escándalo é que o que escandalice sexa o nome dun paseo fluvial e non que os cargos representativos pasen de pais a fillos.